

As malas do conto! Samaín feminista.

Como sabedes a noite do 31 de outubro ao 1 de novembro celébrase o Samaín, unha festa na que os espíritos volven para reencontrarse cos seus familiares, aínda que hoxe en día, o máis habitual é que nos disfracemos e gocemos de todo aquilo que nos dá medo. Por este motivo, queremos celebrar esta data homenaxeando ás “más” (ou malas) dos contos, das novelas, dos filmes, das series....

Sexamos sinceros, sen as malvadas, non habería tensión nas historias e sería todo moi doado. Non teríamos nada que contar, ningunha adversidade, ningún engano, ningún perigo... todo é moi, moi aburrido. Tampouco habería finais felices, nin banquetes, nin perdices. Veña...!

Tendo en conta que imos facer un Samaín feminista, sería boa idea homenaxear a todas esas malas, porque nos fascinan as súas maldades gratuítas, envexosas, crueis e antipáticas.

Por outra banda, temos que aprender a ler entre liñas e comprender o motivo polo que moitas destas personaxes foron demonizadas ao longo do tempo. Por exemplo, sabíades que hai estudos que din que as meigas son tratadas negativamente nos contos tradicionais por seren mulleres independentes e que dominaban artes medicinais? Iso fixo que se visen como unha ameaza e que se convertisen nas malas dos contos.

Ademais das bruxas, temos as madrastas ou malas nais, as medias irmás ciumentas, as mulleres envexosas que están alcanzando a madurez, perdendo a súa beleza e polo tanto, parte do seu poder... Se analizamos estas personaxes en profundidade, veremos que as cousas non son o que parecen e que o machismo está moi presente nos contos porque tamén o está na sociedade.

O que che propoñemos nesta actividade é que homenaxees a unha personaxe feminina maléfica, quen ti queiras: pode ser dunha serie, dun libro, dun filme, dun videoxogo... Unha vez que estea seleccionada debes indicar o seu nome, de onde vén esta personaxe, e cales son as súas accións máis terroríficas. Para isto, non te preocupes, nós darémoche materiais e con todos os traballos faremos un mural colaborativo.

Só unha cousa máis, cando vexades os materiais ides ver unha silueta dunha mazá, sabedes por que? Porque mazá en latín dicíase MALA e nós homenaxeamos ás personaxes máis malas.



AQUÍ TEDES ALGÚNS EXEMPLOS

